

**Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción: "Mellora da capacidade do enlace da VAP AG-41 coa PO-504 en Sanxenxo, ", de clave: PO/18/119.01**

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A actuación que se propón busca mellorar a capacidade do ramal de enlace de saída da VG-4.1 en dirección Sanxenxo, para o que se proxecta a modificación do ramal existente partindo da estrutura sobre a actual PO-504, desenvolvendo un ramal cun radio de xiro adecuado e ampliando a calzada no treito da estrada entre a glorieta do enlace de Sanxenxo e da PO-504, eliminando o stop existente e dotándoo dun carril adicional, o que permite aumentar a capacidade e mellora considerable do fluxo do tráfico.

A solución é compatible co futuro desdoblamento da VG-4.1 recollido no proxecto de trazado de desdoblamento da VG-4.1 (AG-41)- A Lanzada (PO-550), de clave PO/08/146.00.

Segundo. No Diario Oficial de Galicia núm.45, do 6 de marzo de 2020, publicouse o Anuncio do 20 de febreiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: Mellora da capacidade do enlace da VAP AG-41 coa PO-504 en Sanxenxo, ", de clave: PO/18/119.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública non se formularon alegacións.



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralos informes e certificados presentados,

## RESOLVO

Aprobar o expediente de información pública do proxecto de construción: "Mellora da capacidade do enlace da VAP AG-41 coa PO-504 en Sanxenxo ", de clave: PO/18/119.01.



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias

